

ACTIVIDADES PARA REALIZAR CO CONTO BALBORDO NA COCIÑA

Contidos que podes traballar con estas actividades

Área **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**. Bloques 1 ,2, 3 e 4.

Área **Linguaxes: comunicación e representación**. Bloque 1.

MOZAS OU MOZOS?

Neceitaremos

Ilustracións do anexo.

Follas de papel.

Pinturas de cores

Consideracións previas

No conto, os protagonistas son unha serie de utensilios de cociña e pátase da formulación de considerar “mozos” aos utensilios con artigo masculino, e “mozas” aos que levan artigo feminino. Para deixar claro este concepto realizárase un xogo sinxelo previo á lectura.

Desenvolvemento

- Colocar nun lugar ben visible da aula o poster coas ilustracións do conto, xa que os seus debuxos servirannos de apoio.
- Comentar aos nenos e as nenas que imos escoitar un conto que nos fala de algo que sucedeu nunha cociña á hora para comer. Os protagonistas son os utensilios da mesa, algúns son “mozos” e outros son “mozas”. Para saber quen é quen imos facer un xogo.
- Utilizar a seguinte lista, explicando antes que os cubertos que levan diante “o” son “mozos” e os cubertos que levan diante “a” “mozas”. Utilizar tamén como apoio as ilustracións do Anexo ou o propio poster coas ilustracións do conto.

Mozos	Mozas
O Garfo	A Culler
O Prato	A Copa
O Vaso	A Bandexa
O Coitelo	A cunca
O Saleiro	
O Cazo	
O pano de mesa	

- Repasar varias veces esta lista insistindo en que presten atención ao artigo que levan diante e que será o que nos dará a pista para saber se é “moza” ou “mozo”.
- Pedir a cada neno/a que debuxe e coloree un dos utensilios (repartir os utensilios na clase dunha forma proporcionada en función do número total de nenos/as para que poidan estar debuxados todos os utensilios).
- Crear no chan/paredes dous espazos que indiquen o lugar das “mozas” e o lugar dos “mozos”.
- Unha vez terminados os debuxos dos utensilios de cociña, pedir a cada neno/a que se levante e coloque no seu lugar correspondente o utensilio que teñan para asegurarnos que o comprenderon.
- Repetir isto tantas veces como sexa necesario ata que quede claro, é importante que isto sexa así para que poidan comprender o conto e reflexionar despois da súa lectura.





FICHA DE LECTURA BALBORDO NA COCIÑA

Neceſitaremos

Conto *Balbordo na cociña* ([ligazón](#)).

Consideracións previas

É importante realizar previamente a actividade “Mozas ou mozos?”, xa que lles facilitará a comprensión do texto.

Desenvolvemento

- Ler o texto, apoiándonos nas ilustracións, ata asegurarnos que a mensaxe da historia se comprendeu.
- En gran grupo, establecer un diálogo cos/coas nenos/as través de preguntas como estas sobre o contido do conto:
 - Que é o que máis vos gustou do conto?, por que?
 - Por que os cubertos “mozos” deciden irse da mesa?, creedes que son máis importantes que as “mozas”?
 - Conseguen as “mozas” sacar adiante a comida?, como o fan?
 - Eran os “mozos”, entón, tan importantes?
- No mundo real coñeces algún exemplo no que os mozos se sentan superiores ás mozas? Comentar neste punto exemplos sinxelos de desigualdade entre homes e mulleres e discriminación da muller.
- Todo/as temos cousas que facemos ben, por ex., correr moi rápido, debuxar, bailar..., independentemente de que sexamos nenos ou nenas. Insistir na idea de que nenos e nenas poden facer as mesmas cousas.
- Hai que aprender a valorar o que os/as demais fan ben, non só o que facemos ben nós/as.
- A mellor maneira de conseguir facer as cousas ben é coa colaboración e implicación de todos e todas, cando traballamos en equipo temos mellores resultados.

BALBORDO NA COCIÑA

Ese día no xantar
armouse a revolución
abride ben aos vosos oídos,
contareivos que pasou!

O garfo non paraba
de picar aos demais,
uníronselle prato e vaso
coitelo, saleiro e cazo.

"Se faltamos na mesa
difícil sería comer
e as rapazas, sen nós,
nada poderían facer".

Pola contra o mantel,
que era o máis intelixente,
dicía que todos xuntos
serían máis eficientes.

O coitelo cortouno:
"Non" fales "sen coñecer,
somos os máis importantes
e elas débennos saber".

"Tedes que aceptalo todas",
dixo o prato convencido,
"nós somos os mellores
e os máis recoñecidos".

A culler, que tiña
máis cabeza que cintura,
reuniu a todas as rapazas
sen que faltase ningunha.

" Que risa! ", dixo o saleiro,
coa súa graza habitual,
" cando a carne presenten
sen nada para cortar! "

No cuarto do lado
todas estaban nerviosas,
aínda que sabían que xuntas
lograrían grandes cousas.

A escudela substitúe
ao prato no seu labor,
a solución, a bandexa,
servida nola trouxo.

As servilletas voaron
como avións de papel
e na mesa aterraron
substituíndo ao mantel.

Dúas brochetas, moi unidas,
ofrecéronse a intentar
suplantar ao garfo
na súa función de picar.

A copa coa súa elegancia
dixo estar moi enfadada
por contar só con ela
en ocasións de gala:

Eu mañá ocuparei
o lugar do Señor Vaso
pois aínda sendo eu moi fina
fago moi ben o meu traballo".

A navalla alzou a súa voz
cun ton moi cortante:
"Aínda que eu veña do
campo,
e non sexa tan elegante,
substituirei ao coitelo
que se cre moi importante".

Os rapaces que se esconderon
no armario a mirar
viron como conseguían
os problemas superar.



"Equivocámonos",
dixo o cazo con vergoña,
demostráronnos a todos
unha grande intelixencia".

O primeiro foi o mantel
en saír daquel armario
e colocouse na mesa
como facía de ordinario.

E a xerra chamou ao resto
que se lle uniron tamén
xa que pensaron que disto
moito se pode aprender.

"Non" hai "ninguén máis importante,
todos o somos igual,
debemos traballar xuntos,
valorando aos demais".

A partir daquela tarde
reinou a harmonía na mesa
todos se complementaron
e non houbo máis sorpresas.

REPARTICIÓN DE TAREFAS

Neceſitaremos:

Folla de Actividades.

Pinturas de cores (verdes e vermellas).

Consideracións previas para o/a educador/a:

Cada unha das ilustracións do Anexo corresponde a unha tarefa. A seguinte lista axudaravos a repasalas na primeira fase da actividade:

Cepillo de dentes	Lavar os dentes
Mans	Lavar as mans
Peite	Peitearse
Pantalón	Vestirse
Zapatillas	Calzarse
Prato comida	Comer
Ducha	Ducharse
Cesto de xoguetes	Ordenar os seus xoguetes
Cazola	Facer a comida
Ferro	Pasar o ferro
Escoba	Varrer
Lavadora	Lavar a roupa

- No momento de poñer en común o sinalado na “Folla de Actividades” do Anexo, sabemos, por suposto, que hai nenos/as máis avanzados que outros nestes aspectos e iso terémolo en conta na posta en común. Trátase de que sexan conscientes do importante que é aprender a realizar estas tarefas e valorar o que fan por nós/as, non pretendemos que sexa un momento tenso para os que van mais atrasados nestas aprendizaxes.

Desenvolvemento

1ª fase

- Explicar en voz alta e a todo o grupo a que tarefa corresponde cada debuxo. A continuación, preguntaremos:
 - Que cousas podedes facer sos/soas? Ir repasando, unha a unha, e pedíndolles que levanten a man para responder. Tendo en conta a resposta da maioría, **rodearemos cun círculo verde** as cousas que poden facer sos/as (comer, vestirse...)
 - Rodearemos cun círculo vermello** as cousas que non poden facer sos/soas e que necesitan que alguén as faga por eles/elas (pasar o ferro, cociñar...)

Hai que reflexionar

- En gran grupo, establecer un diálogo cos/coas nenos/as a través de preguntas como estas:

Idea clave: Autonomía e Responsabilidade

- Que cousas aprendemos a facer sos/soas?
- Quen nos ensinou a facelas?
- Como nos sentimos ao poder facelas sen que nos axude un maior?
- Que cousas non podemos facer sen a axuda dos maiores?

Idea clave: Igualdade na; tarefa; do fogar

- Das tarefas que non podemos facer sos/soas:
 - Quen son as persoas que as fan?

Se na resposta maioritaria aparecen as mulleres (as mamás, avoas...), introduciremos a seguinte liña de reflexión:

- Por que os homes non fan estas tarefas? Creedes que non poden aprender a facelas? Creedes que hai tarefas para mulleres e tarefas para homes?
- Os nenos e as nenas poden facer as mesmas cousas?

Idea clave: Valorar a; acción; que os/a; demais; fan por ti

- Se os maiores non estivesen aí para axudarnos, para facernos a comida, lavarnos a roupa...
 - Que pasaría?
 - Que outras cousas fan os maiores por nós e que non están nos debuxos?
 - Cales se vos ocorren? Elaborar unha lista entre todos/as.

2ª fase

- Para finalizar pedirémoslles que pensen nunha tarefa da casa na que colaboren e debúxena. Reforzar a reflexión de que nenos e nenas poden facer as mesmas cousas, tomando como exemplo as tarefas do fogar que debuxaron e nas que colaboran tanto uns como outros.
- Colgar os debuxos nun lugar visible da aula e utilízalos como reforzo cando se traballen outras actividades que desenvolvan este contido.

ACTIVIDADES

